

25 Mayo de 2015 - Revista 1022

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

English Camp Peares

Martes, 19 Maio 2015 15:51



Os **concellos da Peroxa, Carballo, Pantón e Nogueira de Ramuín** organizan o **English Camp Peares**.

Datas: do 19 ao 26 de xullo.

Idades: de 9 a 16 anos.

Prezo: 180 € para empadroados nestes concellos e 280 € para non empadroados.

Actividades: obradoiros, visitas á Ribeira Sacra, xogos en valor, veladas, campmenyo de inglés, dramatización On English, xeocaching, kajak, paddleboard, orientación cob GPS, natureza.

Máis información:

OMIX da Peroxa, 988 206 614

OMIX Carballo, 982 466 201

OMIX Pantón, 982 456 377

OMIX Nogueira de Ramuín, 988 201 122

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2015

Mercres, 20 Maio 2015 09:35



Benestar convoca campamentos de verán para persoas con discapacidade.

Permiten gozar, durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa terra, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Persoas destinatarias

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

Requisitos

- Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Servizos ofertados

- Aloxamento en albergue ou residencia, segundo o destino solicitado.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades de animación sociocultural.
- Material necesario para a actividade.
- Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Destinos:

Albergue Xuvenil de Gandarío. Bergondo-A Coruña.

de 11 a 14 anos do 1 ao 10 de agosto

de 15 a 18 anos do 11 ao 20 de agosto

de 19 a 25 anos do 11 ao 20 de agosto

de 26 a 40 anos do 20 ao 29 de agosto

Residencia de Tempo libre Panxón. Nigrán. Pontevedra.

de 11 a 14 anos do 1 ao 10 de xullo
de 15 a 18 anos do 1 ao 10 de xullo
de 19 a 25 anos do 1 ao 10 de setembro
de 26 a 40 anos do 1 ao 10 de setembro

Prezo: 125 €

Ese importe pódese reducir nun 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e nun 25 % se ten o carné xove.

Modelo de solicitude e de informe médico:

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinadas polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda.

Estes impresos están a disposición das persoas interesadas na páxina web: <http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran->

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño incluído**.

Máis información no teléfono social 900 333 666 e en <http://benestar.xunta.es>

Últimos días para solicitar prazas de colaborador-bolseiro nas residencias xuvenís!!!

Venres, 22 Maio 2015 00:00



BOLSEIROS
2015-2016



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca **prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes** da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2015/2016.

Prazas:

Lugo. Centro Residencial Xuvenil LUG: 4 prazas.

Ourense. Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.

Vigo. Altamar: 6 prazas.

Requisitos:

Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data do 31 de decembro do ano en curso.

Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do IPREM* do ano en curso.

Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.

Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **BS303C**.

Máis información no DOG do 4 de maio de 2015.

* O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, bolsas, subvencións ou o subsidio de desemprego. Para 2014 fixouse en 532,51 € mensuais.

RESIDENCIAS:

Lugo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

Últimos días para solicitar praza nas residencias xuvenís de Xuventude!!!

Venres, 22 Maio 2015 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca **223 prazas para mozos e mozas, nas súas residencias xuvenís para o curso académico 2015/2016**, no réxime de internado.



As **prazas** ofértanse tanto para mozas e mozos estudantes como traballadoras/es.

O **período máximo** de estadía das persoas beneficiarias será de **11 meses** e estará comprendido entre o **1 de setembro de 2015** e o **31 de xullo de 2016**. Exceptúanse os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

Prazas:

Lugo: Centro Residencial Xuvenil LUG. 74 prazas.

Ourense: Florentino L. Cuevillas. 55 prazas.

Vigo: Altamar. 92 prazas.

Do total de prazas resérvase un 9% para mozos e mozas que desempeñen unha actividade estatutaria, funcionarial ou laboral, tanto se é por conta propia como allea:

Lugo: Centro Residencial Xuvenil LUG. 7 prazas.

Ourense: Florentino L. Cuevillas. 5 prazas.

Vigo: Altamar. 8 prazas.

Requisitos para mozos e mozas estudantes:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 na data do 31 de decembro de 2015.
- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos que o/a solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

Requisitos para mozos e mozas traballadoras/es:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia familiar da persoa solicitante.
- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses a contar dende a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no Réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

Prezo mensual: 324 €

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **27 de maio de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **BS303B** para estudantes e **BS303D** para traballadoras/es.

Máis información no DOG do 8 de maio de 2015.

Lugo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

Convocadas 820 prazas de cabos e gardas civís

Venres, 22 Maio 2015 12:18

As prazas convocadas polo **Ministerio de Defensa** polo sistema de concurso-oposición son **328 de acceso libre** e **492 de promoción interna** reservadas a militares profesionais e alumnos do colexio de gardas civís.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xuño de 2015**. **Máis información BOE do 19 de maio de 2015.**

Cursos de Verán 2015 no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Venres, 22 Maio 2015 12:18 **Luns, 25 Maio 2015 07:51**



O **Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil** convoca os **Cursos de Verán no ano 2015**. As actividades de formación están dirixidas a actualización do persoal da **Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil (RGIX)** e a mozos e mozas en xeral interesados na materia.

Todos os cursos serán a distancia.

Dinamización da promoción da saúde e da prevención en entidades xuvenís. (inscrición do 1 ao 15 de xuño)

Formación para a dinamización da igualdade de xénero dende entidades xuvenís. (inscrición do 8 ao 23 de xuño)

Curso de Mediación educativa en conflitos xuvenís. (inscrición de 15 so 30 de xuño)

O sistema sexo-xénero e a súa implicación nos hábitos de saúde da mocidade. (inscrición do 22 de xuño ao 2 de xullo)

Destinatarios.

As actividades de formación están dirixidas a actualización do persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil (RGIX) e a mozos e mozas en xeral interesados na materia.

Criterios de selección.

A admisión aos cursos virá dada pola orde de presentación das solicitudes de inscrición e coas prioridades que a continuación se especifican:

- 1º Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.
- 2º Mocidade de 18 a 30 en posesión do Carné Xove.
- 3º Resto dos solicitantes.

Procedemento de inscrición.

A solicitude dos cursos efectuarase unicamente por vía telemática a través da páxina web no formulario habilitado para cada curso; calquera solicitude que non se faga deste xeito considerárase desestimada.

O prazo de presentación de solicitudes será o que se indica en cada curso. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, as prazas nos cursos serán asignadas segundo os criterios xerais de selección.

Os solicitantes poderán ser requiridos para presentar documentación complementaria a efectos de xustificar circunstancias específicas a efectos de selección.

As comunicacións sobre admisión, así como calquera outra información relativa aos cursos, serán enviadas por correo electrónico e por SMS, no seu caso. As persoas solicitantes deberán dispoñer dunha conta de correo electrónico especificada na solicitude.

Participación nas actividades formativas.

Centro Coordinador de Información Xuvenil resérvase o dereito a suspender ou cancelar calquera dos cursos no suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas.

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.
Telefono: 881 997 604 / 881 997 607
Correo electrónico para información xeral: oixuventude.traballo@xunta.es

Correspondentes Xuvenís do Colexio San José de Cluny de Santiago

Martes, 26 Maio 2015 08:20



Alba, Juan, Diego e Alba, alumnado de 2º da ESO, son **Correspondentes Xuvenís no Colexio San José de Cluny en Santiago de Compostela**. Encarganse de difundir información entre os seus compañeiros a través do taboleiro de anuncios.

Parabéns polo seu labor!!!

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Lingua de signos en Vigo

Martes, 19 Maio 2015 14:20



AZ Lingua de Signos organiza un **curso de lingua de signos en Vigo**.

Duración: 20 horas. Dous días a semana.

Horarios:

1ª opción: Xuño do 2 ao 25. Tardes: martes e xoves de 19:00 a 21:30

2ª opción: Xullo do 1 ao 28. Mañás: martes e xoves de 10:00 a 12:30

Lugar: Centro Cívico de Teis (Cno. Maceiras, s/n - Teis. Vigo)

Prezo: 63 €

Prazo: Para o Curso de xuño ata **29 de Maio**. Para o curso de xullo ata **26 de xuño**.

Entrégase certificado de asistencia.

Máis información:

Teléfono 656 830 810
<http://azlenguadesignos.es/>

Congreso Internacional de Fútbol e Psicoloxía na USC

Mercores, 20 Maio 2015 13:11

A **Universidade de Santiago** acolle este congreso que celebrárase do **20 ao 24 de xullo de 2015**.

A data límite de envío de traballos é o **31 de maio de 2015**.

Máis información 881813795, 647344068, <http://www.usc.es/gl/congresos/cpsifutbol/index.html>

Primeiros auxilios en actividades de tempo libre

Martes, 26 Maio 2015 08:02



Cruz Vermella de Santiago de Compostela convoca un curso de primeiros auxilios en actividades de tempo libre.

Curso no que se abordan dun xeito sinxelo os contidos máis esenciais sobre Primeiros Auxilios destinados á atención de situacións críticas que poden orixinarse no ámbito da natureza.

O obxectivo principal é proporcionar os coñecementos máis elementais para poder ofrecer unha axuda eficaz ás persoas no transcurso das súas actividades ao aire libre ou na natureza, fóra do ámbito urbano.

Especificamente:

Aprender a prever accidentes.

Aplicar procedementos e técnicas máis adecuadas en autoprotección e soporte aos primeiros auxilios.

Identificar e resolver situacións de urxencia vital.

Contidos:

Auxilio das vítimas no medio natural.

Cadea de supervivencia universal.

Pautas de actuación ante unha situación de emerxencia: conduta PAS.

Soporte vital básico. Algoritmo universal. Secuencia de actuación.

Posición lateral de seguridade. Movilidade e manexo urxente da vítima. Exploración secundaria.

Primeiros auxilios en:

Obstrución da vía aérea por corpo extraño

Hemorraxias

Feridas

Queimaduras

Traumatismos

Picaduras e mordedelas de animais

Intoxicacións

Urxencias por alteracións da termorregulación.

A Caixa de primeiros auxilios.

Prevenición: conduta AVA.

Datas: do 27 e 28 de Xuño de 2015

Lugar: Santiago de Compostela

Duración: 20 horas. De 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.

Prezo: 90 € -10% dto. Desempregados, estudantes, socios

Máis información na Cruz Vermella de Santiago de Compostela. Teléfono 981 586 969

<http://formacion.cruzvermella.org/curso/ppaa-tiempolibre-santiago1/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Cursos de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra

Luns, 25 Maio 2015 10:19



A Escola de tempo libre Aika convoca **dous cursos de Monitor de tempo libre en Pontevedra.**

Datas: do 3 de xullo ao 27 de agosto de 2015.

Horarios: de luns a venres de 9 a 14.

Curso intensivo:

Datas: do 1 ao 28 de xullo de 2015

Lugar: na Escola de tempo libre Aika en Pontevedra.

Máis información na Escola de tempo libre Aika. Telefono: 986 848 486.

<http://www.aikaformacion.com/escuela-de-tiempo-libre-aika.html>

Cursos de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Vigo

Luns, 25 Maio 2015 10:21



A Escola de tempo libre Aika convoca **dous cursos de Monitor tempo libre en Vigo.**

Datas: do 2 de xullo ao 26 de agosto de 2015.

Horarios: de luns a venres de 9 a 14.

Curso intensivo:

Datas: do 2 ao 29 de xullo de 2015.

Horarios: de luns a venres de 9 a 14 e de 15 a 20 horas.

Lugar: na Escola de tempo libre Aika en Vigo.

Máis información na Escola de tempo libre Aika. Telefono: 886 112 484.

<http://www.aikaformacion.com/escuela-de-tiempo-libre-aika.html>

Curso intensivo de Monitor de Actividades de Tempo Libre na Illa de San Simón

Luns, 25 Maio 2015 10:25



A Escola de tempo libre Koremi convoca **un curso intensivo de pernocta de Monitor de Actividades de Tempo Libre na Illa de San Simón**

Datas: do 10 ao 30 de agosto de 2015

Horarios: de luns a venres de 9 a 14 e de 15:30 a 20:30

Máis información na Escola de tempo libre Koremi. Telefono: 665 990 515

<http://koremi.es/es/>

Curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Nigrán

Luns, 25 Maio 2015 10:27



A Escola de tempo libre Koremi convoca **un curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Nigrán.**

Datas: do 6 ao 31 de xullo de 2015

Horarios: de luns a domingo de 9 a 14 e de 15:30 a 20:30

Lugar: complexo social de Nigrán.

Máis información na Escola de tempo libre Koremi. Telefono: 665 990 515. <http://koremi.es/es/>

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Convocadas 25 bolsas Telefónica Fundación SEPI 2015

Luns, 25 Maio 2015 11:05

Telefónica España, convoca **10 bolsas e 15 de Telefónica solucións**, coa finalidade de facilitar os xóvenes titulados universitarios períodos de formación práctica como bolsarios, en centros de traballo de Telefónica de España.

A duración das bolsas é de **12 meses**. Máis información www.fundacionsepi.es

Bolsas Andrew W. Mellon 2015 'Programa Catedral de Santiago'

Luns, 25 Maio 2015 11:07

Il convocatoria destas bolsas realizadas pola **Fundación Xeral da Universidade Complutense de Madrid e a Fundación estadounidense Andrew W. Mellon**, co programa **Central de Santiago**, promovido pola **Fundación Barrié**. As axudas están dirixidas a investigadores, estudantes de posgrao en humanidades e especialistas en restauración e conservación con fin do desenvolvemento das liñas de investigación multidisciplinar do **Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago**.

As bolsas son **4 de 6 meses e dúas de 12 meses**. www.programacatedral.com

Programa formación estudantes O Futuro das Tic (Huawei-China)

Luns, 25 Maio 2015 11:08

Convocadas **20 bolsas** concedidas por Huawei, de dúas semanas de duración para conocer o centro desta multinacional en China.

<http://www.injuve.es/convocatorias/becas/becas-el-futuro-de-las-tic-huawei>

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Bolsas para mozos/as para un curso de inmersión lingüística en inglés na UIMP

Venres, 22 Maio 2015 07:54

O **Ministerio de Educación** convoca 3.207 axudas de 575,30 € cada unha para seguir un curso de inmersión lingüística en inglés organizado pola **Universidade Internacional Menéndez Pelayo**.

Os cursos impartiranse en dúas modalidades: modalidade de axilidade oral en Inglés Xeral e modalidade de Inglés Especializado.

Ambas as dúas modalidades terán unha duración de cinco días e desenvolveranse en réxime de internado de domingo pola tarde a sábado a mediodía.

Sedes:

Santander, Madrid, Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea, Barcelona, Aragon, Cartagena.

Beneficiarios.

Poderán solicitar estas axudas os mozos que non cumprisen 30 anos a 31 de decembro de 2015 e que obtivesen a condición de bolseiro para cursar Ensinanzas Universitarias, Ensinanzas Artísticas Superiores, outros estudos Superiores ou Formación Profesional de Grao Superior.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **22 de xuño de 2015**.

Máis información no BOE do 22 de maio de 2015 e en www.uimp.es

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo-servicios/becas-ayudas-subsvenciones/para-estudiar/idiomas.html>

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas na Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios

Luns, 25 Maio 2015 09:42



A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios convoca 13 bolsas de formación:

Formación relacionada coa Coordinación de Procedementos Centralizados de Medicamentos: Licenciado/Grao en Farmacia.

Formación relacionada coa Avaliación Clínica de Medicamentos: Licenciado/Grao en Medicina ou Farmacia.

Formación relacionada cos Procedementos de Rexistro de Medicamentos: Licenciado/Grao en Farmacia.

Formación relacionada co Estudo e Investigación Clínica da Seguridade dos Medicamentos: Licenciado/Grao en Medicina ou Farmacia.

Formación relacionada co Estudo e Investigación Clínica da Eficacia dos Medicamentos: Veterinarios: licenciado/grao en veterinaria.

Formación relacionada coa Farmacovigilancia Veterinaria e as súas alertas: Licenciado/Grao en Farmacia.

Formación relacionada coa Inspección e o Control Farmacéutico: Licenciado/Grao en Farmacia.

Formación relacionada coa Inspección e control Farmacéutico en Medicamentos Ilegais: Licenciado/Grao en Farmacia.

Formación relacionada cos Procedementos de Avaliación, Investigación e Control de Produtos Sanitarios: Licenciado/Grao en Farmacia, en Medicina ou en Bioloxía.

Formación relacionada cos Procedementos de Avaliación, Investigación e Control de Cosméticos e Produtos de Coidado Personal: Licenciado/Grao en Farmacia, Bioloxía ou Química.

Formación xurídica relacionada coa lexislación vixente no ámbito de Medicamentos e de Produtos Sanitarios: Licenciado/Grao en Dereito

Formación xurídica relacionada coa lexislación vixente en materia de taxas, proxectos normativos e contabilidade da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios: Licenciado/Grao en Dereito, Economía, ou Administración e Dirección de Empresas.

Formación xurídica relacionada coa lexislación vixente en materia de xestión económico-administrativa da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios: Licenciado/Grao en Dereito.

Requisitos: Ter obtido a titulación no ano 2010 ou posterior.

A contía das bolsas queda establecida en 1.669,63 €/mes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de xuño de 2015**.

Máis información no BOE do 25 de maio de 2015 e en <http://www.aemps.gob.es>

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

'Buxiganga Proxecto Teatral' en Lugo

Xoves, 21 Maio 2015 10:17

No **Programa "Buxiganga Proxecto Teatral"** poderán participar as asociacións que posúan un grupo de teatro afeccionado, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estean legalmente constituídas. Os grupos terán dereito a realizaren dentro dos circuítos un máximo de tres funcións e un mínimo de unha.

Este **Programa** vai dirixido tamén aos Concellos da provincia de Lugo, que poderán solicitar actuacións, como a aquelas asociacións sen ánimo de lucro da provincia, que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

As actuacións do programa **"Buxiganga Proxecto Teatral"** desenvolveranse en dúas quendas e os Concellos e asociacións deberán solicitar as correspondentes representacións:

Quenda A: desde o 1 de xullo até o 15 de setembro.

Quenda B: desde o 16 de setembro até o 22 de novembro.

Prazos:

Tanto os grupos de teatro afeccionado como os Concellos e entidades solicitantes das actuacións deberán presentar as solicitudes antes do 5 de xuño de 2015.

Máis información no BOP de Lugo do 21 de maio de 2015 e en <https://es-es.facebook.com/buxiganga.proxectoteatral>

PREMIOS E CONCURSOS

XXV Concurso contos "Noble Vila de Portugalete"

Luns, 25 Maio 2015 11:11

Poderán participar neste concurso os autores e autoras con idades entre 14 e 29 anos. Os premios van de 1.500 a 100 euros. **Máis información** educacion@portugalete.org

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PÚBLICO

Xuíz de Paz de Piñor

Martes, 19 Maio 2015 06:00

O **Concello de Piñor** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 19 de maio de 2015 e na **OMIX de Piñor**, teléfono 988 403 236.

Xuíz de Paz de Muiños

Martes, 19 Maio 2015 14:09

O **Concello de Muiños** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 14 de maio de 2015 e na **OMIX de Muiños**, teléfono 988 456 403.

Xuíz de Paz de Sarreaus

Martes, 19 Maio 2015 14:11

O **Concello de Sarreaus** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **1 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 14 de maio de 2015 e na **OMIX de Sarreaus**, teléfono 988 454 002

Xuíz de Paz de Arbo

Mercores, 20 Maio 2015 06:29

O **Concello de Arbo** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de xuño de 2015**.

Máis información no DOG do 20 de maio de 2015 e no **concello de Arbo**, teléfono 986 665 000.

Convocadas 820 prazas de Cabos e Garda Civil

Mercores, 20 Maio 2015 13:16

As prazas convocadas polo sistema de concurso-oposición, son **328 de prazas libres**, **164 para alumnos do colexio de gardas civís** e **328 para militares de tropa e mariñería das forzas armadas**, que leven un mínimo de cinco anos de servicios.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **15 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 19 de maio de 2015. www.boe.es

Convocadas 2 prazas temporais para licenciados en química na UDC

Mercres, 20 Maio 2015 13:18

A **Universidade da Coruña**, convoca estas **prazas temporais (6 meses)**, como colaboradores en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **19 de maio de 2015**.

Máis información www.udc.es

Convocadas 6 prazas temporais para licenciados/graduados en informática na UDC

Mercres, 20 Maio 2015 13:19

A **Universidade da Coruña**, convoca estas prazas como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **19 de maio de 2015**.

Máis información www.udc.es

Convocada 1 praza temporal como enxeñeiro industrial na UDC

Mercres, 20 Maio 2015 13:20

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza (**3 meses**), como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **19 de maio de 2015**.

Máis información www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado en socioloxía na UDC

Mercres, 20 Maio 2015 13:21

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (4 meses) como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **20 de maio de 2015**.

Máis información www.udc.es

Convocada bolsa de emprego de enxeñeiro de montes, psicólogo e administrativo na Comunidade Valenciana

Venres, 22 Maio 2015 12:12

As prazas convocadas son para **bolsas de persoal funcionario interino**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **1 de xuño de 2015**.

Máis información DOCV do 20 de maio de 2015.

Convocadas prazas de enfermeiro/a e facultativo radiodiagnóstico na Comunidade Navarra

Venres, 22 Maio 2015 12:14

As prazas convocadas son **13 de facultativo e 7 de enfermeiro**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **18 de xuño de 2015**.

Máis información BON do 19 de maio de 2015.

Convocadas 69 prazas de auxiliar de enfermería na Comunidade Navarra

Venres, 22 Maio 2015 12:15

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **18 de xuño de 2015**.

Máis información BON do 19 de maio de 2015.

Convocada bolsa de emprego de seguridade na Unión Europea

Venres, 22 Maio 2015 12:16

A bolsa publicouse o **19 de maio de 2015** no **Diario Oficial da Unión Europea**.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **19 de xuño de 2015**.

Convocada bolsa de traballo de técnico/a de xestión da administración no Concello de Redondela

Venres, 22 Maio 2015 12:19

A bolsa de traballo é polo sistema de concurso-oposición, para cubrir unha baixa.

O prazo de presentación de solicitudes é de **8 días hábiles** contados a partir da publicación o **19 de maio no boppo**.

<http://www.boppo.depo.es/web/boppo/detalle/-/boppo/2015/05/19/2015019587>.

Convocada I bolsa de turismo no Rosal

Venres, 22 Maio 2015 12:19

A bolsa convocada é para a realización de prácticas nas oficinas de turismo entre o **1 de xullo** e o **31 de agosto de 2015**.

Máis información boppo do 22 de maio de 2015.

Educador/a social e auxiliar administrativo/a para Sada

Luns, 25 Maio 2015 10:41

O **Concello de Sada** necesita contratar as seguintes prazas:

*Educador/a social
Auxiliar administrativo/a*

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 25 de maio de 2015 e na **OMIX de Sada**, teléfono 981 620 331.

Convocadas 15 prazas de policía local no Concello de Oviedo (Asturias)

Luns, 25 Maio 2015 10:45

O **Concello de Oviedo**, convoca estas **prazas de axente de policía local** (3 reservadas a mobilidade) polos sistemas de oposición e concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 25 de maio de 2015. www.boe.es

Convocadas 8 prazas de técnico de Grao Medio no Concello de Córdoba

Luns, 25 Maio 2015 10:59

As prazas de técnico de grao medio, en réxime laboral fixo, está convocada polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días hábiles**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 25 de maio de 2015. www.boe.es

Convocadas II prazas de bombeiro-condutor no Concello de Martos (Jaén)

Luns, 25 Maio 2015 11:00

As prazas son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE do **25 de maio de 2015**.

www.boe.es

Convocada I praza de enxeñeiro informática na UDC

Luns, 25 Maio 2015 11:01

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (12 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación da solicitud o **25 de maio** na páxina www.udc.es

Convocada I praza temporal de licenciado en filloxía inglesa na UDC

Luns, 25 Maio 2015 11:02

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (3 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **25 de maio** na páxina www.udc.es

Xuíz de Paz de Vilamarín

Luns, 25 Maio 2015 11:02

O **Concello de Vilamarín** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 25 de maio de 2015.

Docentes e persoal de seguimento e control de Cursos AFD 2015

Luns, 25 Maio 2015 11:07

A **Mancomunidade do Ribeiro** necesita contratar docentes e persoal de seguimento e control dos **Cursos AFD 2015**:

Cursos:

*Xestión Contable e Xestión Administrativa para Auditoría.
Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio.
Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais.*

Módulos:

Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero, igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade de xénero.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 25 de maio de 2015 e na www.ribeiro.org

Socorristas en Mesía

Martes, 26 Maio 2015 06:52

O **Concello de Mesía** necesita contratar **dous/dúas socorristas para as piscinas municipais**.

Requisitos: titulación de socorrista en salvamento e primeiros auxilios.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2015**.

Máis información na OMIX de Mesía, teléfono 981 687 001.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net